

PROSPECTIVA Y ANÁLISIS ARQUEÓLOGOS, S.L.



"Como microempresa, a nosa liquidez está condicionada á prontitude nos pagamentos dos nosos servizos"

Andrés Bonilla Rodríguez

Datos básicos

Actividade:	Servizos de xestión do patrimonio
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	3
Inversión inicial	12.600 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente con achegas dos socios. Ao tratarse dun sector que aínda non está regulado, é moi difícil atopar subvencións.
Web:	
Municipio:	Teo, A Coruña
Ano creación:	1998

Descrición do proxecto

Trátase dunha empresa de servizos especializada na redacción e execución de proxectos relacionados co patrimonio cultural. Na actualidade, desenvolvemos a nosa actividade en Galicia e Asturias.

Aínda que o obxecto central do noso traballo é a arqueoloxía, xestionamos o patrimonio cultural no seu conxunto, composto por bens inmobles, elementos etnográficos e patrimonio arqueolóxico propiamente dito.

A nosa oferta de servizos inclúe:

- Inventario e catalogación do Patrimonio Cultural.
- Avaliacións de impacto sobre bens culturais para Estudos de Impacto Ambiental.
- Controis, sondaxes e escavacións arqueolóxicas.
- Participación en proxectos de Planeamento Urbano.
- Acondicionamento e posta en valor de sitios de interese patrimonial (redacción e execución de proxectos de consolidación e rentabilización, creación de itinerarios histórico-arqueolóxicos, traballos de difusión sociocultural, etc.)
- Elaboración e tramitación de documentación de carácter patrimonial (redacción de proxectos, informes e memorias, petición de permisos de intervención, etc.).
- Rexistro gráfico, topográfico, fotográfico e informático de lugares e materiais do Patrimonio Cultural.
- Traballos de asesoría, control e seguimento en temas de patrimonio cultural.



Datos empresa

Claves do éxito

Sobre todo, a calidade no traballo, aínda que tamén é certo que no noso mercado, a calidade non se percibe facilmente como unha plusvalía. O cliente, o único que quere é cumprir unha cautela, unha obriga que lle vén imposta, polo que o único que lle importa é pagar un prezo o máis baixo posible polo servizo. De feito, isto é algo do que se aproveitan algunhas empresas e que está prexudicando gravemente ao sector. A práctica de tirar os prezos a costa de reducir gastos, subcontratar traballos en prácticas, etc. está devaluando o sector e é algo que o groso das empresas tratamos de evitar.

Situación actual

Levamos varios anos no mercado e esa é unha de nosas fortalezas. Na actualidade, as promocións de grandes obras en Galicia (autovías, AVE, etc.) fan que proliferen as empresas deste tipo. Cando se retrae o ritmo de promocións, desaparecen as máis novas e mantémonos as empresas máis maduras.

No que fai ao sector, fundamos en setembro de 2006 unha asociación. Ata o momento, a actividade non estaba regulada nin existía convenio laboral. Agora estanse dando os primeiros pasos. Hai que recoñecer que se trata aínda dunha profesión en ciernes.

Perfil cliente

Os nosos clientes son en xeral promotores de obras tanto públicas como privadas. Dende o pequeno promotor que quere facer unha reforma na súa casa, nunha obra cautelada, ao gran promotor. Tamén prestamos servizos á Administración.



Idea inicial

Empezamos como unha sección dedicada á arqueoloxía dunha empresa de marketing. Aos catro anos de actividade, en 1998, a actividade arqueolóxica experimenta un crecemento xa que se pon en marcha unha nova lexislación en materia de promocións inmobiliarias en relación á conservación do patrimonio. Iso permítenos crear a nosa propia empresa. A incorporación na lexislación de cautelas para os promotores abriu un mercado en España e, en particular, en Galicia. Empezáronse a recibir de forma recorrente solicitudes de promotores que levaron a moitos arqueólogos (ata ese momento, case todos en paro ou bolseiros na universidade) a constituírse como autónomos ou a crear microempresas. Pódese dicir que asistimos ao nacemento dun novo mercado.

Principales dificultades y amenazas futuras

As dificultades que sufrimos nos nosos inicios continúan vixentes en moitos casos. Unha das principais é o financiamento da empresa. Somos unha microempresa e a nosa liquidez está condicionada á prontitude nos pagamentos dos nosos servizos. Basicamente, necesitamos cobrar un traballo para empezar o seguinte. Unha ameaza importante é a nosa enorme dependencia da marcha do mercado inmobiliario. Agora estamos vivindo un boom, pero cando o sector se retraiga, afectaranos moito, xa que unha das nosas principais fontes de ingresos proveñen dos servizos de resolución de cautelas en materia de patrimonio que a Administración impón aos promotores urbanísticos. Este é o motivo polo que tratamos de diversificar a nosa actividade e abrírnos a novos mercados como o da posta en valor do patrimonio cultural (como por exemplo, xestión de contidos dunha exposición sobre un tema de patrimonio cultural, construción dun parque público con información sobre o patrimonio natural sobre o que está asentado, etc.).

Perfil promotores

Andrés Bonilla é arqueólogo. Aporta experiencia profesional como persoal investigador da Universidade de Santiago de Compostela.

Aptitudes necesarias

A capacidade de traballo en equipo e de comunicación. No noso traballo, interactúas directamente cun equipo de persoas moi diverso (arqueólogos, arquitectos, enxeñeiros, etc.) e hai que conseguir unha boa comunicación entre todos.



Guía de Actividad

Xestión de patrimonio (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Saír do desemprego

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Cursos para emprendedores

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, pero máis que un curso de creación de empresas, un curso de xestión.

Anecdotario

Cando comezamos, a xente do medio rural nos vía polo monte, tomando fotos e preguntábanos se eramos de Telefónica.
Outra anécdota curiosa é que existe moita confusión entre arqueólogo e xeólogo, e que existen moitos tópicos sobre o sector como que a profesión é marabillosa e que todos nos dedicamos á investigación.

